

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**14301** *Lei 10/2012, do 20 de novembro, pola que se regulan determinadas taxas no ámbito da Administración de xustiza e do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

#### PREÁMBULO

I

A Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, recuperou no ámbito da Administración de xustiza a taxa polo exercicio da potestade xurisdiccional. Este modelo foi obxecto dalgunha modificación recente, en particular mediante a Lei 4/2011, do 24 de marzo, de modificación da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, para facilitar a aplicación en España dos procesos europeos monitorio e de escasa contía, que estendeu o pagamento da taxa aos procesos monitorios, ante as distorsións que daquela se detectaron. Pouco despois, a Lei 37/2011, do 10 de outubro, de medidas de axilización procesual, tamén introduciu algún axuste, matizando a reforma anterior.

A pesar desas reformas parciais, subsisten desaxustes neste ámbito que xustifican a adopción dunha nova normativa que permita afondar en determinados aspectos das taxas xudiciais, en especial os que o Tribunal Constitucional declarou conformes coa nosa norma fundamental na súa Sentenza 20/2012, do 16 de febreiro de 2012.

O dereito á tutela xudicial efectiva non debe ser confundido co dereito á xustiza gratuíta. Trátase de dúas realidades xurídicas diferentes. Desde o momento en que a Constitución encomenda ao lexislador a regulación do alcance desta última, está recoñecendo que o cidadán pode pagar polos servizos que recibe da Administración de xustiza. Só naqueles supostos en que se acredite «insuficiencia de recursos para litigar» é a propia Constitución a que consagra a gratuidade da xustiza.

A Lei pon todo o coidado en que a regulación da «taxa polo exercicio da potestade xurisdiccional nas ordes civil, contencioso-administrativa e social» non afecte o dereito a acceder á xustiza como compoñente básico do dereito fundamental á tutela xudicial efectiva proclamado polo artigo 24 da Constitución, de acordo coa xurisprudencia a este respecto do Tribunal Constitucional.

A recente sentenza do Tribunal Constitucional non só confirmou a constitucionalidade das taxas senón que, ademais, expresamente recoñece a viabilidade dun modelo en que parte do custo da Administración de xustiza sexa soportado por aqueles que máis se benefician dela.

Con esta asunción polos cidadáns que recorren aos tribunais de parte do custo que isto implica preténdese racionalizar o exercicio da potestade xurisdiccional, ao mesmo tempo que a taxa proporcionará uns maiores recursos que permitirán unha mellora no financiamento do sistema xudicial e, en particular, da asistencia xurídica gratuíta, dentro do réxime xeral establecido no artigo 27 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria.

## II

O recurso económico á taxa no ámbito da Administración de xustiza parte do seu concepto no dereito tributario, no cal o seu feito imponible está constituído, entre outros supostos, pola prestación de servizos en réxime de dereito público que afecten ou beneficien o obrigado tributario. Así mesmo, a determinación da carga tributaria non se fai a partir da capacidade económica do contribuínte, senón do custo do servizo prestado, que nunca se pode superar.

O novo réxime efectúa unha ampliación substancial tanto dos feitos imposables como dos suxeitos pasivos, que agora alcanzan non só as persoas xurídicas, senón tamén as persoas físicas. Ao mesmo tempo, prevese a exención subxectiva daqueles aos que se lles recoñeza o dereito á asistencia xurídica gratuíta, igual que se prevé para o debedor que solicita o seu concurso, o Ministerio Fiscal, as administracións públicas e as Cortes Xerais e as asembleas lexislativas das comunidades autónomas.

Tamén esta lei amplía a súa aplicación á orde social, pero só no que aos recursos de suplicación e casación se refire e dunha maneira proporcionada aos intereses que se tutelan nela, en atención aos dereitos e intereses en xogo nesta orde xurisdiccional, o que tamén leva a prever unha taxa de menor contía cando o demandante que presente aqueles recursos sexa o traballador tanto por conta allea como autónomo. Polas súas características especiais de acceso á xustiza tan só se exceptúa do ámbito da taxa a orde penal.

A Lei mantén diversos aspectos da regulación que se incorporou no artigo 35 da Lei 53/2002, do 30 de decembro. É o caso do mantemento do criterio da contía da taxa conforme dous factores: unha cantidade variable, en atención á contía do proceso xudicial, e outra fixa, en función do tipo de proceso.

E incorpora novidades que facilitan a súa aplicación. Tal é o caso dos estranxeiros ou residentes fóra do noso país que comparecen nun preito en España, que ata agora para o pagamento da taxa debían achegar moitos documentos que nin sequera son necesarios para o proceso. Cando sucedía en actos procesuais como a contestación á demanda e a reconvención ou a interposición de recursos nin sequera daba tempo a legalizar todos os documentos precisos (estatutos, poderes, traducións xuramentadas e apostilas ou legalizacións consulares). Isto explica a nova solución, que permite que, con carácter xeral, sexa o avogado ou o procurador do suxeito pasivo o que pague a taxa que permita os actos procesuais correspondentes.

## III

A regulación da taxa xudicial non é só, como xa se dixo, unha cuestión simplemente tributaria, senón tamén procesual. O novo marco da taxa parte, por un lado, de que a súa xestión económica corresponde ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas. Pero, por outro, tense en conta a posta en marcha da oficina xudicial e as competencias do secretario xudicial, que comprobará, en cada caso, se efectivamente se produciu o pagamento da taxa, e prevese, para o caso de que non se efectuase, que non dea curso á actuación procesual que se solicite.

A Lei desenvolve as diversas cuestións que pode suscitar a liquidación da taxa e, en especial, as que se refiren á variación do pagamento da taxa, a cal se verá afectada, por exemplo, polo paso dun proceso monitorio a outro ordinario. Coa finalidade básica de incentivar a solución dos litixios por medios extraxudiciais, establécese unha devolución da cota da taxa, en todos os procesos obxecto dela, cando se alcance unha terminación extraxudicial que aforre parte dos custos da prestación de servizos. Trátase dunha devolución da cota da taxa que se efectuará despois de que o secretario xudicial competente certifique que rematou o proceso pola dita vía extraxudicial. Tamén a acumulación de procesos dará lugar a unha devolución da taxa aboada por cada unha das demandas que orixinaron aqueles procesos cuxa tramitación unificada se acorda.

A presente lei derroga tamén o número 3 do artigo 23 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, en canto que a excepción de postulación para

os funcionarios públicos nas cuestións de persoal que non impliquen a súa separación carece xa de sentido. A práctica demostra como esa falta de representación técnica acaba sendo un obstáculo a un desenvolvemento do proceso máis áxil e eficaz. En relación cos funcionarios públicos débese destacar tamén a exención da taxa nos procesos contencioso-administrativos que inicien en defensa dos seus dereitos estatutarios, equiparándose a súa posición á dos traballadores en xeral na orde social.

Así mesmo, lémbrese que a Lei 37/2011, do 10 de outubro, de medidas de axilización procesual, incorporou no artigo 241 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil, un novo número 7, que inclúe dentro das custas a taxa polo exercicio da potestade xurisdiccional. Desta forma, o vencemento nun proceso e a condena en custas á outra parte trasladarán o pagamento da taxa á parte demandada.

#### IV

Por outra parte, a presente lei regula a taxa pola alta e a modificación de fichas toxicolóxicas no rexistro de produtos químicos do Servizo de Información Toxicolóxica do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses. Este servizo dispón da información pertinente para a formulación de medidas preventivas e curativas e para proporcionar a resposta sanitaria en caso de urxencia.

Desde o ano 1971, o Servizo de Información Toxicolóxica do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses actúa como centro antitóxico asumindo as funcións de prevención e asesoramento de intoxicacións e exposición a substancias tóxicas, en colaboración co Centro de Emerxencias de Protección Civil e coas autoridades competentes en materia de sanidade para supostos de alertas sanitarias, e atendendo vía telefónica consultas de particulares e de profesionais sanitarios procedentes de toda a xeografía española.

Esta función de contribuír á prevención de intoxicacións, expresamente recollida no artigo 480 da Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, e nos artigos 1 e 2 do Real decreto 862/1998, do 8 de maio, polo que se aproba o Regulamento do Instituto de Toxicoloxía, obrigou o Ministerio de Xustiza á adecuación dos medios persoais e materiais necesarios para garantir a calidade do servizo que se presta, asegurando que a resposta sanitaria se axusta aos avances científicos e médicos.

Ata o ano 2010, a normativa nacional e comunitaria obrigaba unicamente as empresas comercializadoras de deterxentes, produtos de limpeza e lixivias a facilitar ao Instituto a información necesaria sobre a súa composición para permitir a adecuada resposta sanitaria.

Non obstante o anterior, para garantir un nivel elevado de protección da saúde humana e do ambiente, a normativa comunitaria e, en concreto, o Regulamento (CE) núm. 1272/2008 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de decembro de 2008, sobre clasificación, etiquetaxe e envasado de substancias e mesturas, establece uns criterios harmonizados de clasificación e etiquetaxe das substancias e mesturas químicas. O citado Regulamento (CE) núm. 1272/2008, que se basea no principio de precaución, establece funcións e obrigas específicas para os fabricantes, importadores e usuarios intermedios, aos cales lles corresponde garantir unha protección apropiada e ofrecer a información esencial aos seus destinatarios por medio das etiquetas e das fichas de datos de seguridade establecidas no Regulamento (CE) núm. 1907/2006, que lle permitirán ao usuario final a súa utilización en condicións de seguridade.

Ademais, o artigo 45 do Regulamento (CE) núm. 1272/2008 establece a obriga dos Estados membros de designar un organismo responsable de recibir, das empresas que comercialicen mesturas clasificadas como perigosas debido aos seus efectos para a saúde humana ou aos seus efectos físicos, a información necesaria para a formulación da resposta sanitaria en caso de urxencia, así como a identidade química das substancias presentes en mesturas para as cales a Axencia Europea de Substancias e Mesturas Químicas ou os Estados membros aceptasen unha denominación alternativa.

Así mesmo, establécense como obrigas dos Estados membros non só que se fixen controis para garantir o cumprimento das obrigas impostas ás empresas fabricantes e

comercializadoras de substancias e mesturas químicas, senón tamén que regulen o réxime sancionador aplicable por infraccións ao disposto no artigo 126 do Regulamento (CE) núm. 1907/2006 e o artigo 47 do Regulamento (CE) núm. 1272/2008.

En cumprimento da citada normativa comunitaria, aprobouse a Lei 8/2010, do 31 de marzo, pola que se establece o réxime sancionador previsto nos regulamentos (CE) relativos ao rexistro, á avaliación, á autorización e á restrición das substancias e mesturas químicas (REACH) e sobre a clasificación, a etiquetaxe e o envasado de substancias e mesturas (CLP).

Por isto, e en cumprimento desta obriga, todas as empresas que comercialicen mesturas que poidan ter efectos para a saúde humana terán que lle facilitar ao Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses a súa composición, de maneira que o Instituto poida proporcionar información sanitaria á cidadanía en caso de intoxicación, así como detectar alertas toxicolóxicas cando das chamadas recibidas se desprenda a existencia dalgún produto químico que incida negativamente na saúde pública. Ademais, as empresas ás cales a Axencia Europea de Substancias e Mesturas Químicas lles aceptase a utilización dunha denominación química alternativa deben comunicar a este organismo a identidade química da substancia.

Esta obriga, que afecta as empresas que se benefician da comercialización das mesturas químicas clasificadas como perigosas debido aos seus efectos para a saúde humana ou aos seus efectos físicos, impacta de forma directa na asistencia que presta o Servizo de Información Toxicolóxica, o cal ten que adecuar os seus medios tecnolóxicos e persoais para garantir o debido cumprimento da súa función, para a protección da saúde pública.

Esta situación xustifica que os suxeitos comercializadores de produtos e que se benefician da atención toxicolóxica do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses, ben de forma directa, ao minorar os efectos dunha posible intoxicación cos produtos comercializados, ben de forma indirecta, ao proporcionar información sanitaria de urxencia aos seus usuarios finais, contribúan ao financiamento do servizo de atención toxicolóxica, mediante a creación da correspondente taxa pola solicitude de alta ou modificación do produto no rexistro de produtos químicos que ten o Servizo de Información Toxicolóxica, necesario para proporcionar información sobre a adecuada atención sanitaria.

Por último, estableceuse unha taxa de importe reducido aplicable ás microempresas e ás pequenas e medianas empresas (pemes) para efectos da Recomendación 2003/361/CE da Comisión, do 6 de maio de 2003, sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas, e unha exención temporal co fin de compensar aquelas empresas que a través das súas asociacións contribuíron, mesmo economicamente, á xestión da actual base de datos do Servizo de Información Toxicolóxica. Para estes efectos, consideraranse empresas exoneradas todas aquelas que en 17 de febreiro de 2012 estivesen asociadas á Asociación de Empresas de Deterxentes e de Produtos de Limpeza, Mantemento e Afíns (Adelma), á Federación Nacional de Asociacións de Fabricantes de Lixivias e Derivados (Fenalid), á Asociación Nacional de Grandes Empresas de Distribución (ANGED), e á Asociación Española de Distribuidores, Autoservizos e Supermercados (Asedas), ao ser esta a data en que as citadas asociacións e federación cederon ao Ministerio de Xustiza de forma gratuíta e indefinida o uso do aplicativo de transmisión e carga de datos na base de datos do Servizo de Información Toxicolóxica, para que poida ser utilizado por todos os sectores da industria.

V

O obxectivo da disposición derradeira cuarta é permitir a adaptación da minoración dunha paga extraordinaria establecida no Real decreto lei 20/2012 á realidade das carreiras xudicial e fiscal e dos corpos de funcionarios ao servizo da Administración de xustiza, de tal forma que a diminución que experimenten estes colectivos nas súas retribucións anuais sexa equivalente á que resulte para os restantes funcionarios públicos.

Isto débese a que, ben que no Real decreto 8/2010 se determinou unha diminución das retribucións similar para cada corpo de toda a Administración pública, a forma de levala a cabo na Administración de xustiza, como consecuencia do establecido na Lei orgánica do poder xudicial, resultou distinta a outros ámbitos do sector público estatal. Dado que a citada lei orgánica exixía que, na Administración de xustiza, as pagas extraordinarias polo concepto de soldo e trienios fosen iguais ás da mensuralidade ordinaria, a pesar de que a porcentaxe total anual da redución foi similar na dita Administración ao aplicado á Administración xeral do Estado, a diminución da contía na paga mensual ordinaria, no ámbito da xustiza, foi igual que a que se aplicou ás pagas extraordinarias polos citados conceptos de soldo e trienios ou antigüidade, mentres que na Administración xeral do Estado aos funcionarios se lles aplicou unha maior redución nas pagas extraordinarias pero unha redución inferior nas ordinarias.

Ademais, clarifícase o réxime aplicable ás cotas das mutualidades xerais de funcionarios e de dereitos pasivos do mes de decembro de 2012, establecido no artigo 121, número catro, da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para 2012.

## TÍTULO I

### **Taxa polo exercicio da potestade xurisdicional nas ordes civil, contencioso-administrativa e social**

*Artigo 1. Ámbito de aplicación da taxa polo exercicio da potestade xurisdicional nas ordes civil, contencioso-administrativa e social.*

A taxa polo exercicio da potestade xurisdicional nas ordes civil, contencioso-administrativa e social ten carácter estatal e será exixible por igual en todo o territorio nacional nos supostos previstos nesta lei, sen prexuízo das taxas e demais tributos que poidan exixir as comunidades autónomas no exercicio das súas respectivas competencias financeiras, os cales non poderán gravar os mesmos feitos impositivos.

*Artigo 2. Feito impositivo da taxa.*

Constitúe o feito impositivo da taxa o exercicio da potestade xurisdicional orixinada polo exercicio dos seguintes actos procesuais:

- a) A interposición da demanda en toda clase de procesos declarativos e de execución de títulos executivos extraxudiciais na orde xurisdicional civil, a formulación de reconvenção e a petición inicial do proceso monitorio e do proceso monitorio europeo.
- b) A solicitude de concurso necesario e a demanda incidental en procesos concursais.
- c) A interposición da demanda na orde xurisdicional contencioso-administrativa.
- d) A interposición do recurso extraordinario por infracción procesual no ámbito civil.
- e) A interposición de recursos de apelación contra sentenzas e de casación na orde civil e contencioso-administrativa.
- f) A interposición de recursos de suplicación e de casación na orde social.
- g) A oposición á execución de títulos xudiciais.

*Artigo 3. Suxeito pasivo da taxa.*

1. É suxeito pasivo da taxa quen promova o exercicio da potestade xurisdicional e realice o feito impositivo desta.

Para os efectos previstos no parágrafo anterior, entenderase que se realiza un único feito impositivo cando na demanda se acumulen varias accións principais, que non proveñan dun mesmo título. Neste caso, para o cálculo do importe da taxa sumaranse as contías de cada unha das accións obxecto de acumulación.

2. O pagamento da taxa poderao realizar a representación procesual ou o avogado en nome e por conta do suxeito pasivo, en especial cando este non resida en España e

sen que sexa necesario que se provexa dun número de identificación fiscal con carácter previo á autoliquidación. O procurador ou o avogado non terán responsabilidade tributaria por razón do dito pagamento.

#### Artigo 4. *Exencións da taxa.*

1. As exencións obxectivas da taxa están constituídas:

a) Pola interposición de demanda e a presentación de posteriores recursos en relación cos procesos de capacidade, filiación e menores, así como os procesos matrimoniais que versen exclusivamente sobre garda e custodia de fillos menores ou sobre alimentos reclamados por un proxenitor contra o outro en nome dos fillos menores.

b) Pola interposición de demanda e a presentación de posteriores recursos cando se trate dos procedementos especialmente establecidos para a protección dos dereitos fundamentais e liberdades públicas, así como contra a actuación da Administración electoral.

c) Pola solicitude de concurso voluntario polo debedor.

d) Pola interposición de recurso contencioso-administrativo por funcionarios públicos en defensa dos seus dereitos estatutarios.

e) Pola presentación de petición inicial do procedemento monitorio e a demanda de xuízo verbal en reclamación de cantidade cando a súa contía non supere dous mil euros. Non se aplicará esta exención cando nestes procedementos a pretensión exercitada se funde nun documento que teña o carácter de título executivo extraxudicial de conformidade co disposto no artigo 517 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil.

f) Pola interposición de recursos contencioso-administrativos cando se recorra en casos de silencio administrativo negativo ou inactividade da Administración.

2. Desde o punto de vista subxectivo, están, en todo caso, exentos desta taxa:

a) As persoas ás cales se lles recoñece o dereito á asistencia xurídica gratuíta, se acreditan que cumpren os requisitos para isto de acordo coa súa normativa reguladora.

b) O Ministerio Fiscal.

c) A Administración xeral do Estado, as das comunidades autónomas, as entidades locais e os organismos públicos dependentes de todas elas.

d) As Cortes Xerais e as asembleas lexislativas das comunidades autónomas.

3. Na orde social, os traballadores, sexan por conta allea ou autónomos, terán unha exención do 60 por cento na contía da taxa que lles corresponda pola interposición dos recursos de duplicación e casación.

#### Artigo 5. *Devindicación da taxa.*

1. A devindicación da taxa prodúcese, na orde xurisdiccional civil, nos seguintes momentos procesuais:

a) Interposición do escrito de demanda.

b) Formulación do escrito de reconvencción.

c) Presentación da petición inicial do procedemento monitorio e do proceso monitorio europeo.

d) Presentación da solicitude de declaración do concurso polo acreedor e demais lexitimados.

e) Presentación de demanda incidental en procesos concursais.

f) Interposición do recurso de apelación.

g) Interposición do recurso extraordinario por infracción procesual.

h) Interposición do recurso de casación.

i) Interposición da oposición á execución de títulos xudiciais.

2. Na orde contencioso-administrativa, a devindicación da taxa prodúcese nos seguintes momentos procesuais:

- a) Interposición do recurso contencioso-administrativo, acompañada ou non da formulación de demanda.
- b) Interposición do recurso de apelación.
- c) Interposición do recurso de casación.

3. Na orde social, a devindicación da taxa prodúcese no momento da interposición do recurso de suplicación ou de casación.

#### Artigo 6. *Base imponible da taxa.*

1. A base imponible da taxa coincide coa contía do procedemento xudicial ou recurso, determinada conforme as normas procesuais.

2. Os procedementos de contía indeterminada ou aqueles en que resulte imposible a súa determinación de acordo coas normas da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, valoraranse en dezaioito mil euros de contía para os únicos efectos de establecer a base imponible desta taxa.

3. Nos supostos de acumulación de accións ou nos casos en que se reclamen distintas pretensións nunha mesma demanda, reconvencción ou interposición de recurso, para o cálculo da taxa terase en conta a suma das contías correspondentes ás pretensións exercidas ou as distintas accións acumuladas. No caso de que algunha das pretensións ou accións acumuladas non sexa susceptible de valoración económica, aplicarase a esta a regra sinalada no número anterior.

#### Artigo 7. *Determinación da cota tributaria.*

1. Sen prexuízo da súa modificación na forma prevista no artigo 8, será exigible a cantidade fixa que, en función de cada clase de proceso, se determina na seguinte táboa:

Na orde xurisdiccional civil:

Verbal e cambiario	Ordinario	Monitorio, monitorio europeo e demanda incidental no proceso concursal	Execución extraxudicial e oposición á execución de títulos xudiciais	Concurso necesario	Apelación	Casación e extraordinario por infracción procesal
150 €	300 €	100 €	200 €	200 €	800 €	1.200 €

Cando despois da oposición do debedor nun monitorio se siga un proceso ordinario descontarase da taxa a cantidade xa aboada no proceso monitorio.

Na orde xurisdiccional contencioso-administrativa:

Abreviado	Ordinario	Apelación	Casación
200 €	350 €	800 €	1.200 €

Na orde social:

Suplicación	Casación
500 €	750 €

2. Ademais, satisfarase a cantidade que resulte de aplicar á base imponible determinada conforme o disposto no artigo anterior o tipo de gravame que corresponda, segundo a seguinte escala:

De	A	Tipo — %	Máximo variable
0	1.000.000 € Resto	0,5 0,25	10.000 €

#### Artigo 8. *Autoliquidación e pagamento.*

1. Os suxeitos pasivos autoliquidarán esta taxa conforme o modelo oficial establecido polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e procederán ao seu ingreso no Tesouro Público conforme o disposto na lexislación tributaria xeral e nas normas regulamentarias de desenvolvemento deste artigo.

2. O xustificante do pagamento da taxa conforme o modelo oficial, debidamente validado, xuntarase a todo escrito procesual mediante o que se realice o feito imponible deste tributo.

En caso de que non se xuntase o dito xustificante, o secretario xudicial requirirá o suxeito pasivo para que o presente, e non dará curso ao escrito ata que tal omisión sexa emendada. A falta de presentación do xustificante de autoliquidación non impedirá a aplicación dos prazos establecidos na lexislación procesual, de maneira que a ausencia de emenda de tal deficiencia, tras o requirimento do secretario xudicial a que se refire o precepto, dará lugar á preclusión do acto procesual e á conseguinte continuación ou finalización do procedemento, segundo proceda.

3. Se ao longo de calquera procedemento se fixase unha contía superior á inicialmente determinada polo suxeito pasivo, este deberá presentar unha declaración-liquidación complementaria no prazo dun mes contado desde a firmeza da resolución que determine a contía. O mesmo ocorrerá no caso en que a contía do procedemento non fose determinada inicialmente polo suxeito pasivo ou nos casos de inadecuación do procedemento.

Se, polo contrario, a contía fixada polo órgano competente for inferior á inicialmente determinada polo suxeito pasivo, este poderá solicitar que se rectifique a autoliquidación presentada e, se for o caso, que se devolva a parte da cota tributaria presentada en exceso, de conformidade co previsto na normativa reguladora das devolucións de ingresos indebidos de natureza tributaria.

4. O secretario xudicial, no prazo de cinco días desde a notificación da resolución en que se determine a contía definitiva, comunicará por escrito a modificación da contía á delegación da Axencia Estatal de Administración Tributaria en cuxa demarcación radique a sede do órgano xudicial, para os efectos oportunos.

5. Efectuarase unha devolución do 60 por cento do importe da cota desta taxa, que en ningún caso dará lugar á devindicación de xuros de demora, cando, en calquera dos procesos cuxa iniciación dea lugar á devindicación deste tributo, se alcance unha solución extraxudicial do litixio. Terase dereito a esta devolución desde a firmeza da resolución que poña fin ao proceso e faga constar esa forma de terminación.

6. Os suxeitos pasivos terán dereito á devolución do 20 por cento do importe da cota da taxa cando se acorde unha acumulación de procesos, que en ningún caso dará lugar á devindicación de xuros de demora.

#### Artigo 9. *Xestión da taxa.*

1. A xestión da taxa regulada neste artigo corresponde ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.



2. Mediante orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas regularanse os procedementos e os modelos de autoliquidación da taxa.

Artigo 10. *Bonificacións derivadas da utilización de medios telemáticos.*

Establécese unha bonificación do 10 por cento sobre a taxa por actividade xudicial para os supostos en que se utilicen medios telemáticos na presentación dos escritos que orixinan a súa exixencia e no resto das comunicacións cos xulgados e tribunais nos termos que estableza a lei que as regula.

Artigo 11. *Vinculación da taxa.*

A taxa xudicial considerárase vinculada, no marco das disposicións da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, ao sistema de xustiza gratuíta nos termos establecidos na Lei de orzamentos xerais do Estado de cada exercicio.

## TÍTULO II

### **Taxa pola alta e a modificación de fichas toxicolóxicas no rexistro de produtos químicos**

Artigo 12. *Taxa pola alta e a modificación de fichas toxicolóxicas no rexistro de produtos químicos comercializados coa información pertinente para a formulación de medidas preventivas e curativas e para a resposta sanitaria en caso de urxencia.*

A taxa pola alta e a modificación de fichas toxicolóxicas no rexistro de produtos químicos do Servizo de Información Toxicolóxica, coa información pertinente para a formulación de medidas preventivas e curativas e para proporcionar a resposta sanitaria en caso de urxencia será exixida polo Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses nos termos previstos nesta lei.

Nos mesmos termos será exixida a taxa pola notificación da identidade química das substancias presentes en mesturas para as que a Axencia Europea de Substancias e Mesturas Químicas aceptase unha denominación química alternativa.

Artigo 13. *Feito impoñible.*

Constitúe o feito impoñible da taxa:

a) A solicitude de alta ou de modificación de fichas toxicolóxicas no rexistro por parte dos suxeitos comercializadores de todo tipo de substancias e mesturas químicas, independentemente de que a solicitude se efectúe de forma voluntaria ou en cumprimento da normativa vixente na materia.

b) A notificación da identidade química das substancias con denominación química alternativa admitida pola Axencia Europea de Substancias e Mesturas Químicas que se notifiquen ao Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.

Artigo 14. *Suxeitos pasivos.*

Son suxeitos pasivos da taxa os suxeitos que comercializan substancias ou mesturas químicas que soliciten a alta ou a modificación no rexistro do Servizo de Información Toxicolóxica do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses para proporcionar resposta toxicolóxica e, se for o caso, alertas sanitarias, así como os suxeitos aos cales a Axencia Europea de Substancias e Mesturas Químicas lles aceptase a utilización dunha denominación química alternativa.

Artigo 15. *Exencións e reducións.*

Cando o solicitante de rexistro sexa unha peme (microempresa, pequena ou mediana empresa), aplicarase unha taxa de importe reducido conforme o cadro 2 do artigo 17. Corresponderá ao solicitante acreditar a súa condición de peme.

Artigo 16. *Devindicación da taxa.*

A devindicación da taxa prodúcese no momento de efectuar a solicitude de alta ou a modificación do produto na base de datos do rexistro de fichas toxicolóxicas do Servizo de Información Toxicolóxica do Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses.

Así mesmo, a devindicación da taxa prodúcese no momento de efectuar a notificación ao Instituto Nacional de Toxicoloxía e Ciencias Forenses da identidade química das substancias presentes en mesturas para as que a Axencia Europea de Substancias e Mesturas Químicas aceptase unha denominación química alternativa.

Artigo 17. *Determinación da cota tributaria.*

1. Será exigible a cantidade fixa que, en función da alta ou a modificación do produto no rexistro, se determina na seguinte táboa:

*Cadro 1*

Importe normal

Taxa	Importe da taxa
Alta do produto na base de datos. . . . .	30 €
Modificación dun produto xa incluído na base de datos . . . . .	15 €

*Cadro 2*

Importe reducido

Taxa	Importe da taxa		
	Microempresa	Pequena empresa	Mediana empresa
Alta do produto na base de datos. . . . .	3 €	10 €	15 €
Modificación dun produto xa incluído na base de datos . . . . .	2 €	5 €	7 €

2. En todo caso, establécese unha taxa anual máxima por empresa de 10.000 euros por alta de fichas toxicolóxicas e de 5.000 euros por modificación de ficha toxicolóxica.

Artigo 18. *Autoliquidación e pagamento.*

1. Os suxeitos pasivos autoliquidarán esta taxa conforme o modelo oficial establecido polo Ministerio de Xustiza e procederán ao seu ingreso no Tesouro Público conforme o disposto na lexislación tributaria xeral e nas normas regulamentarias de desenvolvemento deste artigo.

2. O xustificante do pagamento da taxa conforme o modelo oficial, debidamente validado, xuntarase a toda solicitude mediante a que se realice o feito impositivo deste tributo, sen o cal o Servizo de Información Toxicolóxica non lle dará curso ata que a omisión for emendada.

Artigo 19. *Xestión da taxa.*

1. A xestión da taxa regulada neste título correspóndelle ao Ministerio de Xustiza.
2. Mediante orde do ministro de Xustiza regularanse os procedementos e os modelos de autoliquidación da taxa.

Disposición transitoria primeira. *Postulación dos funcionarios públicos.*

Nos procesos contencioso-administrativos que se refiran a cuestións de persoal que non impliquen a súa separación iniciados antes da entrada en vigor desta lei non se exixirá a postulación dos funcionarios públicos.

Disposición transitoria segunda. *Exención temporal da taxa de alta e modificación de fichas toxicolóxicas.*

Ata o 31 de maio de 2015, incluído, estarán exentas da taxa de alta e modificación de fichas toxicolóxicas as empresas que contribúisen a través das súas asociacións á xestión da actual base de datos do Servizo de Información Toxicolóxica. Para estes efectos, consideraranse exoneradas todas aquelas empresas que en 17 de febreiro de 2012 estivesen asociadas á Asociación de Empresas de Deterxentes e de Produtos de Limpeza, Mantemento e Afíns (Adelma), á Federación Nacional de Asociacións de Fabricantes de Lixivias e Derivados (Fenalid), á Asociación Nacional de Grandes Empresas de Distribución (ANGED), e á Asociación Española de Distribuidores, Autoservizos e Supermercados (Asedas).

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Derrógase o artigo 35 da Lei 53/2002, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos.*

Modifícase a letra m) do artigo 13 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos, que queda redactada como segue:

«m) Polo exercicio da potestade xurisdiccional nas ordes civil, contencioso-administrativa e social.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.*

Queda derogado o número 3 do artigo 23 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil.*

O ordinal 7.º do número 1 do artigo 241 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, pasa a ter a seguinte redacción:

«7.º A taxa polo exercicio da potestade xurisdiccional nas ordes civil, contencioso-administrativa e social, cando sexa preceptiva.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade.*

Modifícase o artigo 3 e engádesse un novo artigo 5 bis ao Real decreto lei 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, nos termos seguintes:

Un. Modifícase o artigo 3, que queda redactado nos seguintes termos:

«1. De acordo co disposto no artigo 2 deste real decreto lei, o persoal funcionario e estatutario incluído nos artigos 26, 28, 29, 30, 32 e 35 da Lei 2/2012, do 29 de xuño, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2012, non percibirá no mes de decembro de 2012 ningunha contía nin en concepto de paga extraordinaria nin, se for o caso, en concepto de paga adicional de complemento específico ou equivalente.

2. Ao persoal laboral do sector público estatal incluído no artigo 27 da Lei 2/2012 seralle de aplicación o disposto no artigo 2, número 2.2, deste real decreto lei.

3. De acordo co disposto no artigo 2 deste real decreto lei, o persoal a que se refire o artigo 31, números un e dous, da Lei 2/2012 non percibirá, no mes de decembro de 2012, ningunha contía en concepto de paga extraordinaria, incluída a que se establece no anexo X da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2011.

En todo caso, a porcentaxe de minoración na contía total anual de soldo e trienios ou antigüidade será análoga á prevista, para os ditos conceptos, para o persoal a que se refire o número 1 deste mesmo artigo. Para tal efecto, a este persoal reintegraráselle, se for o caso, a contía correspondente á diferenza entre a porcentaxe que supón a paga extraordinaria polos ditos conceptos respecto da paga ordinaria para os membros das carreiras xudicial e fiscal e a que supón para o persoal do subgrupo A1 da Administración xeral do Estado.

3 bis. Respecto ao persoal a que se refire o artigo 31, número tres, da Lei 2/2012, a aplicación do previsto no artigo 2 deste real decreto lei levarase a cabo, de acordo co disposto na Lei orgánica do poder xudicial, respecto dos conceptos de soldo e trienios, minorando a contía total anual polos ditos conceptos, incluída a das pagas extraordinarias, nunha porcentaxe análoga á que supón, respecto a idénticos conceptos, a redución establecida para o persoal a que se refire o número 1 deste mesmo artigo, con referencia para cada corpo ao grupo ou subgrupo de titulación asimilable, e rateando a dita minoración entre as mensualidades ordinarias e extraordinarias pendentes de percibir no presente exercicio. Tampouco percibirán, no mes de decembro, por integraren as pagas extraordinarias, as contías que se recollen no anexo XI da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2011, nin as correspondentes ao citado mes de decembro a que alude o número segundo do Acordo de Consello de Ministros do 8 de maio de 2009, publicado pola Orde 1230/2009, do 18 de maio, do Ministerio da Presidencia.

3 ter. Ao persoal incluído no artigo 31, número catro, seranlle de aplicación as reducións previstas no presente artigo de acordo coa normativa que lles resulte de aplicación.

4. Aos membros do Poder Xudicial e do Ministerio Fiscal a que se refire o número cinco do artigo 31 da Lei 2/2012, con excepción do fiscal xeral do Estado, en aplicación do disposto no artigo 2 deste real decreto lei, reduciráselles unha catorceava parte das retribucións totais anuais en concepto de soldo e de antigüidade ou trienios e a totalidade da paga correspondente ao mes de decembro que figura no anexo X da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2011.

Ao fiscal xeral do Estado, en aplicación do disposto no artigo 2.5 deste real decreto lei, reduciráselle unha catorceava parte das retribucións totais anuais que figuran para o dito cargo no número cinco, puntos 2 e 3, do citado artigo 31.

A citada minoración ratearase entre as nóminas pendentes de percibir no presente exercicio a partir da entrada en vigor deste real decreto lei.

5. O disposto nos números anteriores non será de aplicación a aqueles empregados públicos cuxas retribucións por xornada completa, excluídos incentivos ao rendemento, non alcancen en cómputo anual 1,5 veces o salario mínimo interprofesional establecido no Real decreto 1888/2011, do 30 de decembro.»

Dous. Engádesse un novo artigo 5 bis, co seguinte contido:

«Artigo 5 bis. *Cotas de dereitos pasivos e das mutualidades no mes de decembro de 2012.*

As contías mensuais en concepto de cotas de dereitos pasivos dos funcionarios civís do Estado, do persoal das Forzas Armadas, dos membros das carreiras xudicial e fiscal e dos corpos de secretarios xudiciais, así como as contías mensuais de cotización á Mutualidade Xeral de Funcionarios Civís do Estado, ao Instituto Social das Forzas Armadas e á Mutualidade Xeral Xudicial, aboaranse dobremente no mes de decembro de 2012.»

Disposición derradeira quinta. *Título competencial.*

A presente lei dítase ao abeiro das competencias do Estado en materia de administración de xustiza, lexislación procesual e facenda pública do artigo 149.1. 5.<sup>a</sup>, 6.<sup>a</sup> e 14.<sup>a</sup> da Constitución.

Disposición derradeira sexta. *Desenvolvemento regulamentario.*

O Goberno, por proposta conxunta dos ministros de Xustiza e de Facenda e Administracións Públicas, ditará as disposicións regulamentarias complementarias que sexan necesarias para a aplicación das taxas reguladas nesta lei.

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado». Non obstante o anterior, o artigo 11 será de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2013.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 20 de novembro de 2012.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
MARIANO RAJOY BREY